

# **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE XUÑO DE 2012.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:


D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez



Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día vinte e oito de xuño de dous mil doce, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de Goberno Local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Feron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando o Alcalde pasar ao seguinte.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

### **2.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN DE PROGRAMA DE ANIMADORES CULTURAIS MUNICIPAIS 2011**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada 802 de data 06/06/2012, no que comunica a resolución do aboamento da cantidade de 7.500 € en concepto da totalidade da subvención concedida, como anticipo prepagable.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.2.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CONVENIO DE COOPERACION COA XUNTA DE GALICIA**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 950 de data 26/06/2012, no que comunica que asinará un convenio de cooperación coa Xunta de Galicia para a coordinación e o financiamento dos servizos sociais entre ambas as dúas entidades.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

#### **3.1.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE ALBERGUE DE PEREGRINOS NA TELLEIRA DE BAIUCA**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra e de actividade tramitado a instancia de D. Andrés González Murga, Conselleiro Delegado da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, solicitude con entrada no Concello con data 29/05/2012 nº de rexistro de entrada 758, acompañada de proxecto reformado de albergue de peregrinos de telleira de Baiuca de data maio 2011: Tomo 1 memoria, anexos e planos e tomo 2 presuposto e proxecto reformado 2 de albergue de peregrinos de telleira de Baiuca de data novembro de 2011, sito no número de Rego do Seixo, parroquia de Boimil, proxectos redactados polo arquitecto D. Oscar Pidre Mosquera, colexiado nº 3964 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia xun coa certificación de final de obra.

Considerando que na sesión celebrada o 28/05/2009 foi outorgada licenza provisional para a instalación de actividade relacionada coas obras referidas no proxecto básico e de execución do albergue de peregrinos e cafetería na Telleira de Baiuca, no núcleo de Rego do Seixo, parroquia de Boimil.

Visto informe técnico de 28/06/2012 de D. Ángel Delgado Cid no que se informa favorablemente a posta en funcionamento da actividade tras a visita de comprobación realizada para o outorgamento de licenza definitiva de actividade.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D. Andrés González Murga, Conselleiro Delegado da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, licenza definitiva de actividade só para o albergue de peregrinos na Telleira de Baiuca, sito no núcleo de Rego do Seixo, parroquia de Boimil, cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente, deixándose sen efecto a licenza provisional outorgada para a cafetería na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con data 28/05/2009.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base imponible superficie ocupada: 439,42 m<sup>2</sup>

Tipo de solo: núcleo rural

Tarifa: 1,00 Euros/m<sup>2</sup>

Cuota a ingresar: 439,42 Euros

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### **3.2.- PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 6/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 933, con data 25/06/2012, presentada por D. Juan Manuel Rios López, con domicilio a efectos de notificación na rúa Mosteiro de Caaveiro, 3 3º Esq. A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 2 do lugar de Quintás, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Juan Manuel Rios López, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 2 do lugar de Quintás, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 10/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 798, con data 06/06/2012, presentada por D. José Mejuto Varela, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Barrio, 10 Dorneá, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 10 do lugar de Barrio, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. José Mejuto Varela, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 10 do lugar de Barrio, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 11/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 969, con data 27/06/2012, presentada por Dna. Pilar Carreira Vázquez, con domicilio a efectos de notificación na rúa Ramón y Cajal, 27 4ºEsq. A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 4 do lugar de Campo da Lanza, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. Pilar Carreira Vázquez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 4 do lugar de Campo da Lanza, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.4.- AUTORIZACIÓN Á AGRUPACIÓN FOLCKÓRICA SANTIAGUIÑOS DE BOIMORTO PARA USO DA ÁREA RECREATIVA ANEXA A PISCINA MUNICIPAL.**

Vista a solicitude presentada con entrada neste Concello número 931 en data 25/06/2012, na que D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> del Carmen Barreiro Nouche en representación da Comunidade veciñal da Conrobla e a Agrupación Folckórica Santiaguíños de Boimorto, solicita que durante o día 7 de xullo se autorice a celebración da VII Conrobla nas inmediacións da área recreativa anexa á piscina municipal para celebración dunha feira e dunha churrascada.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

**PRIMEIRO.-** Autorizar o uso da área recreativa anexa á piscina municipal a D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> del Carmen Barreiro Nouche en representación da Comunidade veciñal da Conrobla e a Agrupación Folckórica Santiaguíños de Boimorto para a realización da VII Conrobla, cunha feira e dunha churrascada o día 7 de xullo de 2012 sometendo a autorización a que a parcela deberá quedar nas mesmas condicións de como se atope.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á interesada.

### **3.2.5.-CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOAL CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PARA LEONARDO COTELO FELPETE) 1/2012.**

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida presentada con entrada no Concello nº 806 en data 07/06/2012 por

Dna. Mercedes Cotelo Felpete con DNI 32440222X en representación de Leonardo Cotelo Felpete con DNI 33241497B con grao de minusvalía do 99% , visto informe da Asistente Social de data 28/06/2012, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello D. Leonardo Cotelo Felpete con DNI 33241497B con grao de minusvalía do 99%.

**SEGUNDO.-** En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €.**

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

#### **4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS**

##### **4.1.- URBANISMO**

###### **4.1.1.- SOLICITUDE DESESTIMENTO EXECUCIÓN DA OBRA (LO 34/2011)**

Visto o escrito presentado por D. José Manuel Sandá Rey con rexistro de entrada número 921 en data 25/06/2012, en relación co desestimento á execución da obra (LO 34/2011) para construción de balsa para almacenamento de xurro no lugar de Vilaverde, parroquia de Arceo (Boimorto).

Visto o artigo 87 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento do desestimento presentado por D. José Manuel Sandá Rey, en relación coa execución da obra para construción de balsa de almacenamento de xurro en Vilaverde, parroquia de Arceo (Noimorto) con licenza (LO 34/2011)

**SEGUNDO.-** Entender por finalizado o procedemento e polo tanto anular o dereito recoñecido pendente de cobro por importe de 673,94 €.

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo ao interesado así como os servizos contabeis aos efectos oportunos.

###### **4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 17/2012) PARA CERRAMENTO DE FINCA Nº 45 NO LUGAR DE A CABANA (BUAZO) TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA. ESPERANZA COSTOYA SUEIRO**

Visto o expediente de licenza urbanística de obras tramitado a instancia de Dña. Esperanza Costoya Sueiro con DNI nº 76474140Z, e con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Visitación de la Encina, 4 1º C O Burgo, solicitude con entrada no concello nº 935 con data 25/06/2012 para peche de finca nº 45 nos lindeiros norte e oeste, sita no lugar de A Cabana, parroquia de Buazo, segundo valoración presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 27/06/2012 para a realización da dita obra que cualifica como menor en solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dna. Esperanza Costoya Sueiro con DNI nº 76474140Z (LO 17/2012) para peche de finca nº 45 nos lindeiros norte e oeste, sita no lugar de A Cabana, parroquia de Buazo, segundo valoración presentada, en solo rústico de protección agropecuaria

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- As obras a realizar consistirán nun cerramento da finca nº 45 nos lindeiros norte e oeste, de aproximadamente 160 metros lineais a base de postes de formigón e arame.
- O cerramento do lindeiro norte deberá recuarse 6 metros do eixo da vía (tipo II). Ademais, deixarase unha distancia de 1,5 metros ao bordo exterior da gabia, no caso de que exista e a distancia resultara maior que a anterior.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra segundo informe técnico: **1.516,80 Euros**.

Liquidación 2%: **30,34 Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.3.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 18/2012) PARA CERRAMENTO DE FINCA Nº44 NO LUGAR DE A CABANA (BUAZO) TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA. ESPERANZA COSTOYA SUEIRO**

Visto o expediente de licenza urbanística de obras tramitado a instancia de Dña. Esperanza Costoya Sueiro con DNI nº 76474140Z, e con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Visitación de la Encina, 4 1º C O Burgo, solicitude con entrada no concello nº 934 con data 25/06/2012 para peche de finca nº 44 nos lindeiros norte e leste, sita no lugar de A Cabana, parroquia de Buazo, segundo valoración presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 27/06/2012 para a realización da dita obra que cualifica como menor en solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dña. Esperanza Costoya Sueiro con DNI nº 76474140Z (LO 18/2012) para peche de finca nº 44 nos lindeiros norte e leste, sita no lugar de A Cabana, parroquia de Buazo, segundo valoración presentada, en solo rústico de protección agropecuaria

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- As obras a realizar consistirán nun cerramento da finca nº 44 nos lindeiros norte e leste, de aproximadamente 170 metros lineais a base de postes de formigón e arame.
- O cerramento do lindeiro norte deberá recuarse 6 metros do eixo da vía (tipo II). Pola súa banda o cerramento do lindeiro leste, recuarase 4 metros do eixo da vía (tipo III). Nos dous casos deixarase unha distancia de 1,5 metros ao bordo exterior da gabia, no caso de que exista e a distancia resultara maior que a anterior.

- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra segundo informe técnico: **1.611,60 €uros.**

Liquidación 2%: **32,23 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.4.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D. JESÚS BARREIRO COSTOYA CONTRA A LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 37/2011) PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE E ALMACÉN PARA EXPLOTACIÓN DE POLOS OUTORGADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26/09/2011**

Visto o recurso de reposición presentado por D. Jesús Barreiro Costoya contra a licenza de obra maior (LO 37/2011) para construción de naves e almacén para explotación de polos aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/09/2011.

Visto o informe dos Servizos Técnicos Municipais de data 28/06/2012

Visto o informe de Secretaría Intervención que a continuación se reproduce literalmente:

**<<INFORME DE SECRETARÍA - RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D. JESÚS BARREIRO COSTOYA**

Dña. Rebeca Vázquez Vázquez, Secretaria-Interventora do Concello de Boimorto (A Coruña), en exercicio das funcións atribuídas no artigo 3.a) do R.D. 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, formulo o seguinte **I N F O R M E**:

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, (DOG n.º 252 do 31-12-2002). (LOUPMR).- modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro. (DOG 254/2004 de 31 de decembro) modificada pola 2/2010 e demais modificacións ....

- Lei 8/2007 normativa estatal do solo Lei 8/2007 de data 28 de maio publicada no BOE de 29 de maio

- Decreto 133/2008 de 12 de xuño avaliación de incidencia ambiental

- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local.- LBRL-

- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto aprobado polo Pleno o 06/02/2007 publicado no BOP número 68 de data 23/3/2007.

-Demais normativa aplicable indicada neste informe

**ANTECEDENTES:**

1.-Contidos no expediente de licencia de obra maior LO37/2011 para construción de naves e almacén para explotación de polos na finca 190 do polígono 502 da zona de concentración parcelaria de Brates Mercurín tramitado a instancia de D.ª Tamara López García en representación de L.P. Aves S.C., e expediente de outorgamento de licenza de actividade ata agora provisional, licenzas outorgadas pola Xunta de Goberno Local e sesión de data 26/09/2011.

2.- Recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Boimorto de outorgamento de licenza de obra maior para construción de naves de almacén para a explotación de polos na finca 190 do polígono 502 da zona de concentración parcelaria Brates Mercurín.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**1.- O artigo sinalado no recurso de reposición** non se refire a tal, senón o extraordinario de revisión segundo o artigo 118 da Lei 30/1992

**“Artigo 118.** Obxeto e Prazos.

1. Contra os actos firmes en vía administrativa poderá interpoñerse o recurso extraordinario de revisión ante o órgano administrativo que os ditou, que tamén será o competente para a súa resolución, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

Que ao ditalos se tivese incorrido en erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente.

Que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución recorrida.

Que na resolución influísen esencialmente documentos ou testemuños declarados falsos por sentenza xudicial firme, anterior ou posterior a aquela resolución.

Que a resolución se tivese ditado como consecuencia de prevaricación, suborno, violencia, maquinación fraudulenta ou outra conduta punible e se declarase así en virtude de sentenza xudicial firme.

2. O recurso extraordinario de revisión interpoñeráse, cando se trate da causa 1, dentro do prazo de catro anos seguintes á data da notificación da resolución impugnada. Nos demais casos, o prazo será de tres meses a contar dende o coñecemento dos documentos ou dende que a sentenza xudicial quedou firme.

3. O establecido no presente artigo non prexudica o dereito dos interesados a formular a solicitude e a instancia a que se refiren os artigos 102 e 105.2 da presente Lei nin o seu dereito a que estas se tramiten e resolvan.”

Informa esta Secretaría que o acto recorrido pon fin á vía administrativa segundo o artigo 109c) da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das administracións pública e do procedemento administrativo común e que visto o disposto no artigo 110.2 da Lei 30/1992 que di:

#### **Artigo 110. Interposición de recurso.**

“1. A interposición do recurso deberá expresar:

O nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal deste.

O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.

Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinala para os efectos de notificacións.

Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe.

As demais particularidades esixidas, se é o caso, polas disposicións específicas.

2. **O erro na cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.**

3. Os vicios e defectos que fagan anulable un acto non poderán ser alegados polos que os tiveren causado.”

A pesar do erro na mención o artigo 118 da Lei 30/1992 parece que o que pretende D. Jesús Barreiro Costoya e a interposición dun recurso de reposición no que solicita a declaración de nulidade da licenza outorgada.

En relación co recurso de reposición sinala a Lei 30/1992:

Artigo 116. Obxecto e natureza.

1. Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os tivese ditado ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo.

2. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Artigo 117. Prazos.

1. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso. Se non o fose, o prazo será de tres meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Transcorridos os devanditos prazos, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se é o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes.

3. Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o devandito recurso.

Tendo en conta que D. Jesús Barreiro Costoya solicita notificación da licenza agora recurrida en data 4/5/2012 con escrito con entrada no Concello de Boimorto nº 594 e que por Decreto de Alcaldía de data 16/05/2012 nº 127/2012 recibido o 21/05/2012 polo interesado se lle notifica **tal e como solicitou en dito escrito**, a **pesar do que pon nos feitos do recurso** de reposición, o acordo de concesión de licenza de obra e actividade e o contido integro da licenza outorgada (e agora impugnada) pola Xunta de Goberno Local en data 26/09/2011 e considerando que no mesmo Decreto de Alcaldía se lle autoriza acceso o expediente integro o que da fe esta Secretaría, tivo acceso nas oficinas deste Concello en data 20/06/2012 solicitando copias de determinados documentos que lle foron realizadas e entregadas tal e como o interesado asina e acepta en documento de data 20/06/2012, en cumprimento do establecido no Decreto da Alcaldía do Concello de Boimorto nº 169/2012 de data 19/06/2012, pódese concluír que o recurso de reposición interposto cumpre o prazo dun mes (dende o coñecemento do contido integro do expediente) sendo interposto en data 21/06/2012 **TENDO O INTERESADO ACCESO ÍNTEGRO Ó EXPEDIENTE DE LICENZA DE OBRA E ACTIVIDADE SEN QUE POIDA ACEPTARSE DE NINGÚN MODO ALEGACIÓN ALGUNHA SOBRE APORTACIÓN MUNICIPAL Ó INTERESADO DE CONTIDO INCOMPLETO DO**



**EXPEDIENTE O QUE TIVO ACCESO TAL E COMO ASINA O PROPIO INTERESADO EN DOCUMENTO DE DATA 20/06/2012 NESTAS OFICINAS MUNICIPAIS, OU CONTIDO INCOMPLETO DOS ACTOS DE OUTORGAMENTO DE LICENZA QUE LLE FORON NOTIFICADOS TAL E COMO SOLICITOU EN REFERENCIA OS ACORDOS DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS.**

**2.- En relación cos fundamentos de dereito e solicitude do recurso de reposición informado, informa esta Secretaría que:**

Tal e como sinala a Xunta de Galicia Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras en escrito de resposta a consulta deste Concello que tivo entrada en data 23/12/2011 cò número 1872 de forma literal:

*“o planeamento xeral vixente no concello de Boimorto é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente con data 6/2/2007. O dito plan xeral, ao abeiro do disposto na Instrución 1/2011 da Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e urbanismo, atópase , polo tanto, adaptado á Lei 9/2002 , do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aínda cando a súa aprobación e de data anterior á reforma operada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo. En consecuencia , no é de aplicación o contido da disposición transitoria primeira. Agora ben, de conformidade co sinalado expresamente na referida Instrución 1/2011 o novo réxime de distribución de competencias establecido tras a Lei 2/2010 resulta de aplicación inmediata, polo que sen menoscabo da plena vixencia do réxime que o planeamento adaptado á Lei 9/2002 establece para o solo rústico do termo municipal respectivo, os supostos de suxeición dos usos previstos á autorización autonómica previa ou á licenza urbanística municipal sen necesidade desa previa autorización axustaranse directamente ao establecido pola Lei 2/2010”*

**3.- CONCLUSIÓN: Informa esta Secretaría que debería desestimarse o recurso de reposición interposto por D. Jesús Barreiro Costoya contra o outorgamento de licenza de obra pola Xunta de Goberno Local para construción de naves de almacén para explotación de polos na finca nº 190 do polígono 502 da Zona de concentración parcelaria de Brates Mercurín xa que;**

3.A.-) Non hai nulidade da licenza outorgada nin en termos do recurso interposto **“mixtificación algunha da normativa aplicable”** (como se proba no apartado 2 deste informe sen prexuízo do descoñecemento polo interesado do réxime urbanístico aplicable para outorgamento desta licenza ) non hai nulidade por falta de autorización autonómica, a reforma operada na Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pola Lei 2/2010 leva a afirmar que non e necesaria autorización autonómica previa o outorgamento desta licenza de obra o que se deriva do disposto no artigo 37 da Lei 9/2002 de 30 de decembro sendo para o solo de rústico de protección forestal uso permitido por licenza municipal directa o relacionado na liña 2 b do artigo 33 da mesma lei.

3.B.-) **No recurso afirmase no apartado de fundamentos de dereito 3º, que a parcela ten clasificación dual de solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestructuras e non e así, segundo** os informes técnicos que constan no expediente e os que o interesado tivo acceso e incluso copia a parcela obxecto do proxecto nº 190 do polígono 502 presenta unha superficie de 26.980 m2, encontrándose clasificada polo PXOM coma solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección de infraestructuras, consultados os servizos técnicos emítese informe con data 28/06/2012 no que inda có desconto da parte da parcela clasificada como protección de infraestructuras afirmase o cumprimento nos parámetros urbanísticos da construción proxectada.

3.C.-) Toda a documentación do expediente estivo a disposición do interesado que solo solicitou copia dalgúns documentos como queda acreditado en escrito asinado polo interesado nestas oficinas municipais en data 20/06/2012 e na mesma acreditase o cumprimento da normativa aplicable.

Este é o meu informe formado por catro páxinas que emito salvo erro ou omisión involuntaria en cumprimento do disposto en providencia da Alcaldía de data 28/06/2012, sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.

Boimorto 28 de xuño de 2012

A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Desestimar o recurso de reposición presentado por D. Jesús Barreiro Costoya contra o acordo da Xunta de Goberno de Local de vinte e seis de setembro de dous mil once de concesión de licenza de obra maior para construción de naves e almacén para a explotación de polos tramitado a instancia de D<sup>a</sup>. Tamara López García en representación de L.P. Aves, S.C., en base ao informe do servizo técnico municipal que consta no expediente de data 28/06/2012 e informe de secretaria intervención reproducido neste acordo e considerando os seguintes apartados:

3.A.-) Non hai nulidade da licenza outorgada nin en termos do recurso interposto “**mixtificación algunha da normativa aplicable**” (como se proba no apartado 2 deste informe sen prexuízo do descoñecemento polo interesado do réxime urbanístico aplicable para outorgamento desta licenza ) non hai nulidade por falta de autorización autonómica, a reforma operada na Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pola Lei 2/2010 leva a afirmar que non e necesaria autorización autonómica previa o outorgamento desta licenza de obra o que se deriva do disposto no artigo 37 da Lei 9/2002 de 30 de decembro sendo para o solo de rústico de protección forestal uso permitido por licenza municipal directa o relacionado na liña 2 b do artigo 33 da mesma lei.

3.B.-) No recurso afirmase no apartado de fundamentos de dereito 3º, que a parcela ten clasificación dual de solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestructuras e non e así, segundo os informes técnicos que constan no expediente e os que o interesado tivo acceso e incluso copia a parcela obxecto do proxecto nº 190 do polígono 502 presenta unha superficie de 26.980 m<sup>2</sup>, encontrándose clasificada polo PXOM coma solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección de infraestructuras, consultados os servizos técnicos emítese informe con data 28/06/2012 no que inda có desconto da parte da parcela clasificada como protección de infraestructuras afirmase o cumprimento nos parámetros urbanísticos da construción proxectada.

3.C.-) Toda a documentación do expediente estivo a disposición do interesado que solo solicitou copia dalgúns documentos como queda acreditado en escrito asinado polo interesado nestas oficinas municipais en data 20/06/2012 e na mesma acredítase o cumprimento da normativa aplicable.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ao interesado, indicando a posible interposición contra a desestimación expresa do recurso de reposición de recurso contencioso administrativo.

#### **4.1.5.- DESESTIMIENTO POR FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN REQUERIDA.**

Visto o requerimento de documentación con rexistro de saída nº 571 en data 27/02/2009 dirixido a D. Carlos Garea Sánchez en relación coa solicitude de licenza con nº de rexistro de entrada neste Concello nº 214 en data 15/02/2009 , con fundamento en informe do Xeógrafo-Urbanista asesor municipal D. Fernando Delgado Juega de data 25/02/2009.

Visto que de conformidade có disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común foi outorgado prazo de 10 días hábiles (segundo acuse de recibo contar dende o 2/3/2009) para aportación da documentación requerida sen que fose presentada segundo os datos que constan no rexistro municipal.

Advertido o interesado que de non presenta-la documentación solicitada entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Por unanimidade a Xunta de goberno local en aplicación dos artigos 71.1 e 42 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común  
**ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Declarar concluído o procedemento de outorgamento de licenza iniciado por solicitude de licenza con nº de rexistro de entrada neste Concello nº 214 en data 15/02/2009 por

entender desistido da súa solicitude ó interesado o non ter presentado a documentación requerida, arquivando o expediente.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución o interesado os efectos oportunos.

**4.1.6.- NOVA LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 19/2012) PROXECTO DE ALBERGUE DE PEREGRINOS DE TELLEIRA DE BAIUCA (BOIMORTO)**

Vista a nova documentación aportada para obtención de licenza con entrada no Concello con data 29/05/2012 nº de rexistro de entrada 758 por D. Andrés González Murga, conselleiro delegado da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo

.- Proxecto reformado de albergue de peregrinos de Telleira de Baiuca de data maio 2011 con Tomo 1; memoria , anexos e planos e Tomo 2; Orzament

.- Proxecto reformado 2 de albergue de peregrinos de Telleira de Baiuca de data novembro de 2011

.- Documentación final e certificado final de obra

Todos asinados polo arquitecto D. Oscar Pidre Mosquera Colexiado nº 3.964.

Visto o informe de D. Angel Delgado Cid de data 18/06/2012 do que se pode concluír que estaríamos ante unha nova licenza de obras estando afectadas polos reformados as obras autorizadas inicialmente por esta Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/5/2009, de forma sustancial xa que afectase soleira, estrutura e instalacións, ademais de eliminarse o edificio destinado a cafetería e inclúense novas unidades e determínase un novo orzamento total por importe de 547.536,09 €.

Visto informe de secretaría de data 28/06/2012.

Considerando que as modificacións reflexadas nos reformados e certificado final de obra son modificacións sustanciais do proxecto inicial e que é necesario anular e substituír a licenza inicial emitindo unha nova licenza de obra e realizando unha nova liquidación do ICIO xa que segundo ordenanza municipal en vigor incluso téñense en conta os usos da construción para o cálculo en dita liquidación e co reformado desaparece o uso cafetería e realízanse modificacións sustanciais, con fundamento en xurisprudencia como a recollida na Sentenza do Tribunal Supremo de data 21/06/1999.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar licenza de obra a obra de albergue de peregrinos, sita en solo de núcleo rural coa ordenanza de equipamento de tipo cultural e de titularidade pública descrita en:

.- Proxecto reformado de albergue de peregrinos de Telleira de Baiuca de data maio 2011 con Tomo 1; memoria , anexos e planos e Tomo 2; Orzamento

.- Proxecto reformado 2 de albergue de peregrinos de Telleira de Baiuca de data novembro de 2011

.- Documentación final e certificado final de obra

Todos asinados polo arquitecto D. Oscar Pidre Mosquera Colexiado nº 3.964 e presentados no Concello en data 29/05/2012 nº de rexistro 758 por D. Andrés González Murga Conselleiro Delegado da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.

**SEGUNDO.-** Anular a licenza de obra e liquidación provisional de ICIO acordadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/05/2009.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución Material: 547.536,09 €

Liquidación 2% = **10.950,72€**

**CUARTO.-** Notificar este acordo ó interesado solicitando indique a esta Administración se procede á compensación da contía da liquidación derivada da contía ingresada como liquidación provisional da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 28/05/2009 ou vai solicitar a súa devolución para posterior ingreso da contía derivada da nova liquidación practicada por esta administración ante o orzamento definitivo de execución material presentado polo interesado.

#### **4.2.- OBRAS E SERVIZOS**

##### **4.2.1.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTO DE VOLUNTARIADO CULTURAL PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS NO CAMIÑO NORTE E FOMENTO DO TURISMO RURAL EN BOIMORTO.**

Pola secretaria dase conta da convocatoria publicada no DOG nº 101 do 29/05/2012, Orde do 15 de maio de 2012, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se rocede a súa convocatoria para o ano 2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia unha subvención para a realización do proxecto “Voluntariado cultural para a posta en funcionamento do albergue de peregrinos no Camiño Norte e Fomento do Turismo Rural en Boimorto” correspondente ao ano 2012, por importe de 6.000,00 euros que supón o 60% do importe total: 10.000,00 €uros.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo e demais documentación complementaria á Consellería de Traballo e Benestar.

#### **5.- ASUNTOS ECONÓMICOS**

##### **5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Tickets 15/06/12	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe á Coruña levar a un usuario da miniresidencia a consulta médica.	3,10 €
Tickets 20/06/12		Peaxe viaxe á Coruña levar a un usuario da miniresidencia a consulta médica.	
Tickets 25/06/12		Peaxe viaxe á Coruña para recoller os aspersores para o campo de fútbol	3,10 €
Ticket 09/05/12	Metropark Aparcamientos S.A Vías y Construcciones S.A. / U-83458570	Parkin U.T.E. Choupana levar a un usuario da miniresidenica a urxencias	7,60 €
12/06/12		Parkin U.T.E. Choupana levar a un usuario da miniresidenica a consulta	
590/2011 14/12/11	Naviera y Suarez S.L. B15656242	Carbón vexetal para magosto ano 2011	60,18 €

F 3849-31/05/12	Cotelga, S.L. / B15493661	Menaxe para a cociña miniresidencia e centro de día	307,33 €
F-Abono402-31/05/12		Menaxe para a cociña miniresidencia e centro de día	-168,40 €
0000041-01/06/12	TDS Consultores S.L. B47207634	Cota Geriges mes de xuño 2012	93,22 €
181/12-01/06/12	Jardincelas S.L. B15538135	Subministro de semilla para campo de fútbol	70,80 €
OFFV12/2544- 31/05/12	OFIREYCO S.L. B15342702	Material de estimulación cognitiva para miniresidencia e centro de día	28,08 €
147-03/06/12	Agrupación de Veteranos de Santiago G15256704	Mantemento e desprazamento arbitraxes liga intermunicipal de fútbol sala categoria base 2012	255,00€
D-465-30/04/12 364-31/05/12 D-622-11/06/12	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo de automoción Gasolina para cortacésped Gasóleo de automoción	3.100,00 € 110,00€ 2.900,00€
A04/12-23/05/12 A05/12-23/05/12	Francisco M. Cerdeira Castiñeiras 4584916C	Grabación mistura e master de cantos de reis Desprazamento para grabación de cantos de reis	1.239,00 € 182,66€
A 13.578-31/05/12	Maquinaria Casalonga, S.L. / B15718489	Material para reparación de cortacésped	40,80 €
0101-1200578/ 21/05/12	COGAMI Reciclado de Galicia,S.L.	Recollida de papel período do 01/05/12 ao 31/05/12	90,72 €
29369-09/05/12 □	Balneario de Guitiriz A15003072	Asistencia a sesións balneario o 09/05/12. Subv. Deput. Servizos Sociais 2011	340,00 €
2012/1258-31/05/12	Sociedade Galega de Medio Ambiente / A- 15379803	Tratamento residuos urbanos mes de maio 2012	2.471,45 €
B 624-15/06/12	Jobegosum S.L. / B-70058268	Material médico para miniresidencia e centro de día	75,17 €
411933030- 08/06/12	Mapfre Vida S.A. A28229599	Seguro de accidentes con cobertura de voluntariado vixencia do 07/06/12 a 07/06/13	203,93€
412844183-06/06/12	Mapfre Familiar S.A. A28141935	Seguro camión grúa 6064GMR con vixencia do 05/06/12 a 05/06/13	1.167,29 €
37-31/05/12	Maria Teresa López Alonso 76624257X	Servizo de podoloxía na miniresidencia e centro de día servizos externos mes de maio	140,00 €
1-30/04/12 2-31/05/12	Mercedes Seijas Barreiro 76517970Y	Servizo de perruquería na miniresidencia mes de abril 2012 Servizo de perruquería na miniresidencia mes de maio 2012	31,99€ 22,99
6-29/05/12	Ángeles Iñiguez Casal 76517968G	Comida preparación festival de La Luz	21,60 €
F 3.046-07/06/12	Plásticos Santi, S.L.	Tres perchas para a	

	B15347198	miniresidencia e centro de día	22,75 €
11A-26/06/12	M <sup>a</sup> Lourdes Verea Seoane 76510236T	Material para piscina	62,15 €
11B-26/06/12		Material de oficina	11,30 €
11C-26/06/12		Alargadera para colexio	3,50€
11D-26/06/12		Material para reparación cristal do microbus	17,90€
11E-26/06/12		Material para casa da cultura	13,50€
11F-26-06-12		Material para alumeado público	
		Material para comida do Rally	15,30€
11G-26/06/12		Material para obra no edificio de servizos múltiples	15,90€
11H-26/06/12		Material para reparación avarias de auga	44,14€
11I-26/06/12		Material para mantemento	246,15€
11J-26/06/12		Material para mantemento miniresidencia e centro de día	129,04€
11K1-26/06/12		Material para mantemento miniresidencia e centro de día	142,80€
11K2-26/06/12		Material de mantemento miniresidencia e centro día	39,03€
11K3-26/06/12		Material de mantemento miniresidencia e centro día	31,00€
11K4-26/06/12	Mantas para a miniresidencia	118,00€	
4000932495-31/05/12	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de maio 2012	226,12 €
651.114-01/06/12	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial mes de xuño 2012	311,71 €
651.750-01/06/12 □		Mantemento ascensor Centro Residencial mes de xuño 2012	311,97 €
AR308181-30/05/12 □	ABM-REXEL S.L.U. B28262822	Subministro material para a miniresidencia e centro de día	9,24 €
6650000024-30/04/12	Geriatría Siglo XXI, S.L.U. / B61523551	Prestación servizo comidas centro residencial e comidas externas período 1/04/12-30/04/12	1.962,15 €
Abono número 6750000005-25/05/12		Prestación servizo comidas centro social e comidas externas período 01/04/12-30/04/12	- 1.962,15 €
P12/6687-31/05/12	La Voz de Galicia, S.A. A15000649	Anuncio aprobación inicial modificación PXOM	424,80 €
Relación de data 25/06/12	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332	Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	82,03€
Rexistro entrada: 920 □		Recibos de subministro de luz ao alumeado público	579,89€
03120310126883-14/03/12	Unión Fenosa Comercial, S.L. B82207275	Recibo de subministro de luz ao polideportivo período 10-02-12/12-03-12	182,56 €
03120310344822-31/03/12		Recibo de subministro de luz a casa do concello período 03-02-12/29-03-12	661,87 €
03120310135216-14/03/12		Recibo de subministro de luz piscina municipal período 10-02-12/12-03-12	72,33 €

03120310131870-14/03/12		Recibo de suministro de luz polideportivo período 10-02-12/12-03-12	584,09 €
03120310126884-14/03/12 Registro entrada: 825 de data 11/06/2012		Recibo de suministro de luz colexio período 10-02-12/12-03-12 <input type="checkbox"/>	888,14 €
28-F282-353824422248 01/06/12	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móviles período 18/04/12 a 17/05/12	115,98 €
TA42C0524144	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servicios sociales	42,69 €
TA42C0524143		Recibo teléfono xulgado de paz	23,90 €
TA4205317114		Recibo teléfono ascensor concello	16,49 €
TA42C0537529		Recibo teléfono oficinas Concello	362,81 €
TA42C0545059		Recibo teléfono baixo concello	68,69 €
TA42C0524146		Recibo teléfono PAI	26,90 €
TA42C0547314		Recibo teléfono ascensor miniresidencia	19,54 €
TA42C0547929		Recibo teléfono miniresidencia	201,02 €
TA42C0540265		Recibo teléfono centro social municipal de maiores	86,13 €
TA42C0538855 19/06/12			Recibo teléfono fax concello

## **5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE PODOLOXÍA**

Visto informe de servicios sociales que se transcribe literalmente:

### **<<INFORME SOCIAL**

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos sociais

**INFORME EMITIDO POR:** M<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo

**DATA DO INFORME:** 28/06/2012

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de podoloxía a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:*

### **1.- CARMEN PILAR PETEIRO VARELA - PODOLOXÍA**

#### **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

### **2.- ANDREA GARCÍA SÁNCHEZ - PODOLOXÍA**

#### **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### **3.- LUIS REY VILA - PODOLOXÍA** **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de podoloxía a Carmen Peteiro Varela, Andrea García Sánchez e Luis Rey Vila.

**SEGUNDO.-** Notificar aos beneficiarios deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xuño, xullo e agosto do 2012. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

### **5.4.- ESCRITO DE D. JULIO GARCÍA GARCÍA, SOLICITANDO A BONIFICACIÓN DO 100% NO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

Pola secretaria dáse conta da solicitude e documentación presentada por D. Julio García García, con DNI nº 33202858N, e con domicilio para os efectos de notificación no número 2 do lugar de Frádega, parroquia de Sendelle, solicitude con entrada no concello nº 932 con data 25/06/2012, na que solicita a bonificación do 100% do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo matrícula C-1440-Y, marca Renault, modelo R-9 GTD.

Vista a ordenanza fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica artigo nº 9.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Reconocer, con efectos desde o 01.01.2013, a Julio García García como titular do vehículo matrícula C-1440-Y o dereito da bonificación solicitada.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado co réxime de recursos e déase traslado do seu contido ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial da Coruña.

### **5.5.- ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE DE REINTEGRO SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTE CONCELLO E O “INSTITUTO DE LA MUJER” CON FECHA 21/06/2011.**

Pola secretaria dáse conta da notificación de acordo de inicio de expediente de reintegro da aportación económica anticipada polo “Instituto de la Mujer” no marco do convenio de colaboración asinado con data 21/06/2011, que ascende a 2.717,43 euros.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:



**PRIMEIRO.-** Autorizar a devolución do reintegro da aportación económica do convenio de colaboración suscrito entre este Concello de o “Instituto de la Mujer”, que ascende a 2.717,43 euros.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación e certificación deste acordo sexa remitido ó “Instituto de la Mujer” ós efectos oportunos..

**5.6.- ESCRITO DE D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DA OBRA “ACONDICIONAMIENTO DEL ACCESO A LA IGLESIA DE SAN VICENTE DE ARCEO (BOIMORTO)”.**

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González, S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 790 con data 05/06/2012, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, pola seguinte obra:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
“Acondicionamiento del acceso a la iglesia de San Vicente de Arceo (Boimorto)”	1.216,32 €	30/05/2011

Visto o informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 12/04/2012, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á devolución do aval solicitado, xa que a empresa realizou a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

**5.7.- ESCRITO DE D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DA OBRA “REPOSICIÓN DE MURO EN RÚA CAMPO DE LA IGLESIA DE SANTIAGO (BOIMORTO)”.**

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González, S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 791 con data 05/06/2012, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, pola seguinte obra:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
“Reposición de muro en rúa Campo de la Iglesia de Santiago (Boimorto)”	603,50 €	30/05/2011

Visto o informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 12/04/2012, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á devolución do aval solicitado, xa que a empresa realizou a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

**5.8.- ESCRITO DE D. MANUEL BARBEITO UZAL, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DA OBRA “MEJORA DEL DRENAJE Y CÉSPED EN CAMPO DE FÚTBOL”.**

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. Manuel Barbeito Uzal, en representación da empresa Jardincelas S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 858 con data 15/06/2012, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, pola seguinte obra:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
“Mejora del drenaje y césped en campo de fútbol”	1.402,96 €	25/06/2011

Visto o informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 26/06/2012, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á devolución do aval solicitado, xa que a empresa realizou a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

**5.9.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS**

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de xuño da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 8%	TOTAL
Xuño 2012	72/2012	Recollida selectiva	566,66		
Xuño 2012	73/2012	Plus adicional por transporte ata planta de selección	3,94	0,32	4,26

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Remitir as facturas números 72 e 73 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

**5.10.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR**

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes ao mes de xuño da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 8%	TOTAL
Xuño 2012	74/2012	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e			

		transporte a recicladores	69,26	5,54	74,80
--	--	---------------------------	-------	------	-------

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Remitir a factura número 74 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

Seguidamente pola secretaria dáse conta dos decretos números 143, 155, 173 e 182 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:30 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez